

PLAN DE ATENCIÓN Á **DIVERSIDADE**

ÍNDICE

- 1. Xustificación baseada no contexto**
- 2. Identificación e valoración das necesidades**
- 3. Determinación dos obxectivos**
- 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade**
- 5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas**
- 6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro**
- 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición**
- 8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro**
- 9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias**
- 10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan**

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Enténdese por **Atención a Diversidade** “[...] o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (*Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*).

A atención a diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

O conxunto de medidas e accións articúlase a través do Plan de Atención a Diversidade, que é o “ documento en que se articula a atención a diversidade[...]. Neste plan puntualizaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que no noso centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado” (*art. 10. D. 229/2011*)

Polo que é necesario no noso centro elaborar o Plan Xeral de Atención a Diversidade para facer realidade a igualdade de todo o alumando. Para que este conte coas medidas e recursos educativos que responda as súas necesidades e características persoais.

O IES Manuel García Barros está ubicado na Rúa da Cultura S/N Nna poboación de A Estrada, cun nivel sociocultural medio. O centro conta con 20 unidades, 14 de ESO e 6 de BACH, contando cun total de 451 alumnos e alumnas. Na actualidade o centro ten unha alta demanda na matrícula polo que a ratio da maioría das aulas está no límite .

En canto o **persoal docente** o centro conta con 46 PROFESORES EN TOTAL; 14 profesores titores de ESO e 6 profesores titores de BACH, 1 *mestre especialista en Pedagogía Terapéutica* e unha Orientadora.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A diversidade do alumnado debe ser respondida dende o centro educativo partindo da identificación das súas necesidades para así dar unha resposta educativa adecuada.

Na LOMCE inclúese o termo **ANEA** entendéndose como os/as alumnos/as “que requiran de maneira temporal ou permanente unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde o sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar” e “se entende por alumnado que presenta Necesidades Educativas Especiais, (NEE), aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta”.

A IDENTIFICACIÓN TEMPERÁ DAS NECESIDADES: A AVALIACIÓN INICIAL

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e resposta educativa axeitada constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

A avaliación inicial constitúe un punto de partida con carácter preventivo por excelencia na atención a diversidade en xeral. No centro, ao principio do curso e en todos os grupos, cursos e etapas educativas da ESO, faise unha avaliación inicial da situación, tanto dos grupos como dos/as alumnos/as individualmente, “como posta en común” e para coñecer a situación na que se atopan neste intre. Esta avaliación, referida aos niveis de competencia curricular de cada materia, deberá ser ampliada cando se trate de alumnos/as con necesidades educativas especiais a fin de adecuar os curriculums e poder programar as adaptacións curriculares e diseñar as accións educativas e reforzos co axuste preciso ao nivel de coñecementos dos/as alumnos/as.

A posibilidade de contar cunha información ordenada, completa e comparativa dos niveis competenciais daranos unha información moi valiosa para poder prever e compensar as dificultades cas que se atopan algúns alumnos/as ou incluso grupos de alumnos replantexando as distintas accións educativas xe sexan prescriptivas ou non do curriculum.

A filosofía que se persegue no proceso de atención á diversidade sera “ **por enfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar**” e tamén que “**será tarefa prioritaria da persoa titora e de todo o profesorado implicado a detección temperá das dificultades para unha vez detectadas, tomar as decisións máis axeitadas para superalas**”. Isto debese facer, entre outras formas, a través da avaliación inicial.

A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA: O PROCESO DA VALORACIÓN INDIVIDUALIZADA DAS NECESIDADES

“Entendese por *avaliación psicopedagóxica* (Orde do 31 de outubro 1996; DOG 19/12/96) o procedemento systemático de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados/as alumnos/as que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis axeitada, a proposta de flexibilización do periodo de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de mellora das aprendizaxes e do rendemento, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades” .)

É competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos Equipos de Orientación Específicos.

PROCEDEMENTO

A avaliación psicopedagóxica constitúe un proceso sistemático de recollida de información acerca das características individuais do alumno e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulte relevante para axusta-la resposta educativa ás súas necesidades.

A avaliación psicopedagóxica deberá recoller os aspectos seguintes:

a) Características individuais do/a alumno/a: avaliaranse aspectos como as condicións persoais de discapacidade ou de sobredotación, antecedentes escolares dignos de ser sinalados, grao de motivación e intereses, nivel de competencia curricular acadado e estilos de aprendizaxe....

b) Características do contexto sociofamiliar: analizaranse aquelas características da familia e do seu contorno social, cultural ou económico de interese para comprender mellor a situación actual do/a alumno/a, as expectativas dos pais e as posibilidades de cooperación no desenvolvemento do programa de atención educativa na propia familia.

c) Características do contexto escolar: analizaranse aspectos como a organización do centro, as características da intervención educativa, así como as características e relacións que se establecen no grupo clase e no ámbito xeral do centro.

INFORME PSICOPEDAGÓXICO (Orde do 31 de outubro 1996; DOG 19/12/96)

Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser

informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas.

DICTAME DE ESCOLARIZACIÓN (Orde do 31 de outubro 1996; DOG 19/12/96)

O *ditame de escolarización* para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo *realizarase*, no caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

O *ditame de escolarización* consiste nun informe persoal dunha alumna ou dun alumno elaborado polos servizos de Orientación, no cal *se recollerán*, cando menos:

- a) As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- b) As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.
- c) A proposta de escolarización.
- d) A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

A elaboración do ditame de escolarización corresponderá á xefatura do Departamento de Orientación, ou ao cargo equivalente nos centros privados concertados, do centro en que está escolarizada a alumna ou o alumno ou para o cal solicita a súa escolarización por primeira vez, quen poderá contar, de ser o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico correspondente.

No caso de cambio de centro escolar, pero dentro do mesmo tipo de

ensinanzas, revisarase o último ditame de escolarización e non será necesario elaborar un novo ditame agás que haxa circunstancias que así o requiran ou que o dito traslado supoña, tamén, un cambio na modalidade de escolarización. A revisión e, de ser o caso, elaboración dun novo ditame correspóndelle á xefatura do Departamento de Orientación do centro que recibe a solicitude de escolarización, que requirirá ao centro de procedencia, a través das respectivas direccións, a información escrita que corresponda.

Cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dun alumno ou dunha alumna ou cando circunstancias especiais así o aconsellen, ademais do ditame de escolarización que elabore a xefatura do Departamento de Orientación do centro correspondente, a xefatura territorial de Educación poderá requirir ao equipo de orientación específico a elaboración dun ditame complementario ao emitido pola xefatura do Departamento de Orientación do centro educativo.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos a conseguir con este Plan de Atención a Diversidade son os seguintes:

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa e que respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos/estándares de aprendizaxe das diferentes etapas e ensinanzas.

2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.

3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.

4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto

polas diferenzas.

5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.

6. Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.

7. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.

8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

4. DESCRICION DAS ACTUACIONES, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCION A DIVERSIDADE

▪ ACTUACIÓN DENDE O CENTRO

As actuacións que se levan a cabo para acadar os obxectivos do Plan de Xeral de Atención a Diversidades artellaránse a través de diversas medidas que implican a toda comunidade educativa:

- Proxecto Educativo.
- Plan de Orientación.
- Plan de Aproximación á Secundaria.
- Plan de Acollida e Adaptación.
- Medidas ordinarias de atención á diversidade.
- Medidas extraordinarias de atención á diversidade.

Proxecto educativo:

Deberá ter en conta as características do entorno social e cultural do centro, recollerá a atención a diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respetar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais

Plan de Acción Tutorial:

Dentro deste plan inclúense tamén as actuacións específicas para o alumnado con necesidade específica de atención educativa e as súas familias, así como aquelas outras actuacións que den resposta á diversidade de motivacións, intereses, crenzas e culturas. Favorecendo o desenvolvemento psicosocial do alumnado.

Plan de Orientación:

A finalidade da orientación educativa é facilitar o desenvolvemento armónico e integral do noso alumnado, promovendo actuacións encamiñadas á individualización da ensinanza, a inclusión e a normalización da atención educativa.

Plan de Aproximación á Secundaria:

Este plan estará elaborado, sobre todo, en coordinación co CEIP “ Pérez Viondi”, propiciará a continuidade na resposta educativa ó longo da vida escolar do alumnado, cando este abandona a EP e accede á ESO. Dentro deste plan desenvolveranse varias accións conducentes á mellora do coñecemento do centro “destinatario” (o noso IES) por parte do alumnado e as súas familias e, tamén de maneira correlativa, onde o centro “receptor” do alumnado coñeza as características máis salientables do alumnado que vai a escolarizar para poder adoptar as medidas precisas para ofrecer unha axeitada atención educativa.

Plan de Acollida e Adaptación:

Este plan está dirixido a todo aquel alumnado que se incorpora ó noso centro. Faremos distinción entre o alumnado que comeza a súa escolaridade na ESO dende o centro adscrito e o alumnado que se incorpora ó centro procedente doutro centro, do estranxeiro ou doutro lugar de España.

▪ **MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Enténdese por “medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias” (*art.7 D.229/11*)

✓ **MEDIDAS PREVENTIVAS**

Dentro destas pódense sinalar:

- ✓ Asesorar nas directrices para o desenvolvemento e mellora dos procesos E-A: Técnicas de Traballo intelectual, Organización e planificación do estudo, aprender a aprender, ... dentro do PAT.
- ✓ Asesorar ós departamentos didácticos que o soliciten sobre criterios e técnicas de avaliación, aspectos metodolóxicos, atención á diversidade
- ...
- ✓ Elaboración de programas / plans de intervención preventivos e de desenvolvemento. P.e: Taller de “Resolución de conflitos e asertividade”, incluíndo Técnicas de relaxación e meditación na aula en 1º ESO .
- ✓ Contribuír a realizar unha avaliación inicial do alumnado que inclúa aspectos persoais dos/as alumnos/as, e a valoración das súas capacidades e intereses; permitindo así, que permitan detectar alumnos de risco, utilizando para elo e como alternativa, reunións periódicas cos titores e se fose o caso co resto do equipo docente.

Os pasos a seguir serán:

1.- Analizar a información aportada polo Equipo Docente do curso anterior, así como, a documentación presentada polos/as alumnos/as para ver se nela consta algún tipo de referencia a programas de reforzo ou medidas de atención á diversidade. Se fora o caso, buscar toda a información que sobre eles poida haber nos Centros de procedencia. Se neses centros hai Departamento de Orientación a relación será máis fácil e frutífera.

2.- Solicitar dos Centros dos que proceden os/as alumnos/as os Informes Individualizados de Avaliación.

3.- Asistir a Avaliación Inicial en Outubro para, reunidos tódolos profesores contrastar toda a información que sobre o alumnado se poida ter:

- Informes de avaliación.
- Posibles informes doutros Departamentos de Orientación.
- Datos das probas psicométricas aplicadas.
- Informes dos profesores de cada materia.
- Análise de producións.
- ...

Desta reunión de avaliación inicial sairán toda unha serie de alumnos/as con problemáticas específicas. Para cada un deles o Departamento, xunto co equipo docente, a profesora de Pedagogía Terapéutica, e outros profesionais implicados, deberá preparar un plan de actuación axeitado a cada situación e necesidade.

✓ **MEDIDAS ORDINARIAS**

As medidas ordinarias de atención á diversidade son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural e as características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas.

No noso centro as **medidas ordinarias de atención a diversidade** que se levan a cabo son:

a) *Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.*

b) *Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.*

c) *Adaptación dos tempos, instrumentos e/ou procedementos metodolóxicos e de avaliación.*

d) *Medidas de asistencia/reforzo educativo proporcionadas polo profesor/a de materia e/ou profesor titor/a no seu grupo directa ou indirectamente ou coa axuda e asesoramento da especialista de Pedagogía terapéutica e a Orientadora.*

O **reforzo educativo** é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. As medidas de R.E. non suporán necesariamente medidas

extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo.

- As medidas de RE serán elaboradas polo profesorado titor ou polo profesorado de área co coñecemento do titor/a, podendo solicitar asesoramento do Departamento de Orientación e/ou da profesora de apoio.

- O/a titor/a debe comunicarllo ao equipo directivo e ás familias. Farase constar no Documento Individual de Reforzo Educativo así como nas actas de avaliación e na información dos Boletíns de avaliación ás familias.

- Debe constar como RE no expediente e historial académico do alumno/a.

- Haberá que realizar un seguimento da evolución do/a alumno/a periodicamente para corrixir posibles desaxustes, alomenos trimestralmente nas sesións de avaliación.

Modalidades do Reforzo Educativo:

Segundo as características do alumnado e seguindo o que se establece en cada Departamento nas súas Programacións, podemos establecer varias modalidades de Reforzo Educativo:

- *Reforzo educativo sen apoio:* Medidas que o propio profesor/a diseña e aplica con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades de seguimento da programación.

- *Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.*

- *Programas de recuperación.*

- *Programas específicos personalizados:* Programas de desenvolvemento do currículo ordinario nos que se establecen as condicións básicas para a consecución dos obxectivos da etapa, a través de metodoloxías específicas, e/ou diferente organización de contidos

- *Programa de habilidades sociais:* dende o equipo de Orientación no centro levanse a cabo diferentes programas de habilidades sociais por partes do profesores titores.

- *A acción tutorial,* que permite garantir o seguimento sistemático do alumnado para previr e detectar dificultades en todos os ámbitos, escolar,

persoal e social co fin de dar resposta ás necesidades individuais.

- No Plan de Acción Titorial do centro inclúense as actuacións específicas para o alumnado con necesidades específica de atención educativa e as súas familias.

A permanencia dun curso máis no nivel ou ciclo correspondente segundo o establecido para cada etapa educativa: Esta medida só se debe plantexar cando non dean resultado outro tipo de medidas como o reforzo educativo. Esta medida non debe consistir nunca nunha simple repetición de actividades do curso anterior. A repetición de curso debe entenderse como un medio de recuperación e debe ir polo tanto acompañada e asociada a un plan de traballo que permita ao alumno/a superar os problemas específicos que presenta.

O **Departamento de Orientación** colaborará no axuste da axuda psicopedagóxica ás diferentes necesidades das/os alumnas/os, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos ou estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de E-A, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe, os intereses do alumnado, etc .

Como norma xeral, e segundo a lexislación vixente, dende o Departamento de Orientación crese firmemente que a mellor forma de intervir (cando sexa posible) é dende dentro do mesmo grupo - clase e polo profesor da materia (O. 27 de decembro de 2002 - DOG 30 de xaneiro).

Só cando as estratexias anteriores se manifesten como insuficientes ou inviables, recurrirase á intervención fóra da aula. Para que isto suceda deben esgotarse antes as outras posibilidades.

A presente reticencia á axuda fóra da aula baséase na idade dos alumnos/as. Para moitos deles ser sacados da clase supón unha forte perda da súa autoestima, xa que o que deles pensen os demais é fundamental. Verse "discriminado/a" supón, ou pode supor, nalgúns casos, que reaccionen de forma negativa ou incluso agresiva ante esa nova realidade. Por iso, se chega o caso, en que se cre imprescindible esa solución,

haberá que intentar preparar tanto á familia como á/ó alumna/o para que se enfrente á nova situación de forma positiva, vendo nela a posibilidade de superar unhas deficiencias que el/ela debe asumir.

En cada caso haberá que analizar os pros e os contras da decisión a tomar entre tódolos profesores do grupo, aínda que logo as materias concretas sexan traballo do departamento didáctico no que se vai facer o reforzo ou a adaptación pertinente.

O material específico que o Departamento de Orientación vai empregar para tratar de axudar a estes alumnos serán, basicamente, probas psicométricas (colectivas nun principio e logo, de ser o caso, individuais) de aptitudes e de trazos de personalidade así como escalas de observación para que os profesores anoten o que nelas se pide. Tamén se terán entrevistas coa familia para ver a situación concreta en que se atopa cada alumno/a e a resposta que por parte das familias se pode atopar. Procuraremos falar cos/as alumnos/as sobre a posibilidade de recibir esa axuda para ver que actitude mostran ante as varias posibilidades.

Cales sexan esas probas psicométricas a empregar dependerá de cada caso concreto e das dispoñibilidades do Departamento.

A avaliación inicial será o lugar e momento idóneo para decidir qué alumnos/as necesitan algún tipo de medidas de atención á diversidade (reforzos, exencións, apoios, ...) e a forma en que este se debe proporcionar, aínda que, non a única.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son todas a aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir modificación significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicarase unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultados

estas insuficientes.

Dun xeito xenérico deberase tender á solución dos problemas dentro do mesmo grupo con reforzo deseñado e levado adiante polo profesorado do grupo. Ás veces, e de maneira extraordinaria, será necesario o apoio, nos casos máis extremos, realizando unha avaliación psicopedagóxica previa e proporcionándolles a estes alumnos/as unha axuda externa sacándoos da aula normal durante algunhas horas á semana.

Cando se vexa que o alumno/a é incapaz de seguir a marcha do grupo, a pesar do programa de reforzo, será preciso elaborar conxuntamente cos/coas profesores/as e Departamentos correspondentes unha resposta educativa axeitada ás necesidades e posibilidades dos/as alumnos/as implicados/as. Nesa resposta deberanse indicar aqueles aspectos que se modifican (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) e o sistema de atención que se propón para levar adiante esa adaptación (tempos dentro e fóra da aula, dentro da aula coa axuda do profesor de PT, etc.). Todo este proceso deberá facerse en contacto coa familia, que debe estar implicada e vela como algo favorecedor para o seu fillo/a.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización.

Son medidas **extraordinarias**:

a) *Exención dunha segunda lingua estranxeira*, para o alumnado que presenta dificultades de carácter lingüístico. (Resolución do 15 xullo de 2016; art. 6).

b) *Adaptación curricular de acceso* (Orde do 6 de outubro de 1995; DOG 07/11/1995), para aportar recursos, materiais ou de comunicación que faciliten o desenvolvemento do currículo ordinario ou dun currículo especial.

c) *Adaptación curricular significativa* (Orde do 6 de outubro de 1995; DOG 07/11/1995), proposta para o alumnado que presenta un desfase de máis dun ciclo ou dous cursos e que afecte á maioría das áreas ou materias: As adaptacións curriculares que modifican os elementos de acceso e/ou preceptivos do currículo, dirixidas ao alumnado que presenta necesidades educativas derivadas de discapacidade ou graves trastornos de conduta; as dificultades específicas de aprendizaxe; altas capacidades intelectuais; incorporación tardía

ao sistema educativo ou aquelas derivadas de condicións persoais e sociais desfavorables. A adaptación curricular permitirá adecuar e adaptar o currículo ordinario a un alumno ou alumna ou a un grupo, priorizando, substituíndo, modificando ou eliminando algúns aspectos prescriptivos curriculares para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas.

A elaboración dunha A.C. é a consecuencia final dun proceso de decisións no que intentouse previamente atopar solucións en niveis menos específicos, mais normalizados, é dicir unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Adaptacións curriculares son as modificacións dun o mais elementos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda A.C. serán os obxectivos xerais/estadares de Aprendizaxe no P.C. para cada nivel.

Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinta do que curse o alumno obxecto da A.C.

Decidirase a conveniencia de facer unha A.C. para un/a alumno/a determinado, unha vez esgotadas as medidas ordinarias de intervención educativa, permanencia dun ano máis no mesmo nivel, reforzo educativo,...

As Adaptacións Curriculares necesitarán autorización da inspección educativa correspondente.

- Serán elementos do currículo susceptibles de modificacións os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán adaptados complementados, modificados e mesmo suprimidos.

- Estarán dirixidos a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera orden ou por posuír cualidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino-

aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

- O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó/a alumno/a, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro e, se é o caso de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.

- Terán a duración mínima dun curso..

- O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

Proceso de elaboración :

- Para levar a cabo unha Adaptación Curricular en calquera das áreas ou materias do currículo, os centros deberán realizar unha avaliación diagnóstica inicial na que se recollerán os datos relevantes sobre a situación socio- familiar do/a alumno/a e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do/a alumno/a, como pola orientadora do centro ou calquera outro profesional que estea participando na atención ó devandito alumno/a.

- O centro realizará unha reunión coordinada pola xefa de estudos á que asistirá a orientadora, ó/a titor/a , os profesores/as que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto da A.C. Nesta reunión decidirse a pertinencia da Adaptación Curricular, así como aqueles elementos do currículo que , se é o caso, deberán ser modificados.

- Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas.

- A avaliación inicial/diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do Servicio da Inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou alumna e terán carácter confidencial.

- A avaliación destes alumnos/as realizarase tendo en conta os criterios de avaliación da ACs. O profesor/a que realice a ACs elaborará un informe ao final de curso do progreso realizado polo alumno/a o cal formará parte da AC e que será coñecido pola familia. Trimestralmente informarase á familia.

Revisión:

As ACs revisaranse periodicamente , polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia ós obxectivos e ós criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elabora a AC.

d) *A flexibilización da duración de etapa:* O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización, para o que será necesaria a autorización da inspección educativa, tal como se recolle na orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado non universitario con necesidades educativas especiais.

Para tal fin, será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

Para acollerse ás flexibilizacións a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente delegación provincial, onde se acompañará a seguinte **documentación**:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación.
- Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno.
- Certificación académica.
- Proposta de adaptación do currículo.

e) *Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica:* (**D374/96 art. 84**) ademais da atención docente que lle corresponde prestar ós alumnos en función das súas necesidades, desenvolverá:

- Colaborar coa CCP na elaboración de plans de actuación respecto ó

alumnado con NEE

- Orientar ao profesorado que imparte docencia con los alumnos con NEE, así como a eles mesmos e a os seus pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colabora co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración de AC e no seu seguimento e na súa avaliación.
- Aquelas outras funcións que se lle poidan asignar no ámbito de apoio ó alumnado con NEE.

f) *Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (Resolución do 15 de xullo de 2016; DOG 01/08/2016): son grupos que cunha metodoloxía específica, unha organización de contidos e materias do currículo diferente á xeral e unha axeitada elección de optativas, poderá configurar un currículo que amplíe o máis posible as súas opcións de futuro, incluso mais alá das actuais expectativas de determinado alumnado. Unha maior individualización do ensino no grupo, pode permitir un mellor aproveitamento do esforzo desenvolvido polo alumno/a, que o que permitiría nun grupo ordinario.*

<p>5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS</p>

MEDIDAS ORDINARIAS :

- Medidas de reforzo educativo proporcionadas polo profesor/a de materia e/ titor/a no seu grupo e que diseña e aplica con aqueles alumnos/as

que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contidos das diferentes áreas.

O profesorado con dispoñibilidade horaria ocuparase tamén do alumnado con necesidade de reforzo educativo, previo consenso entre o/a titor/a e a xefatura de estudos. Neste caso e na actualidade falamos de:

- En 1º ESO a profesora de Pedagogía Terapéutica ocupase dos grupos de Exención de segunda Lingua EStranxeira.
- En 2º ESO encárgase unha profesora de Lingua Galega.

Deste reforzo educativo o/a titor/a informará ás familias.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS. CRITERIOS PRIORITARIOS DE INTERVENCIÓN

Criterios para a organización do profesorado de apoio:

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte da profesora de PT, e de ser o caso, doutros profesionais específicos, é realizada pola xefatura do departamento de orientación, de acordo cos criterios establecidos neste plan e que se indican a continuación, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e da propia profesora de pedagogía terapéutica. Esta proposta de organización da docencia é elevada á Xefa de Estudos para a súa aprobación.

Os apoios da especialidade de Pedagogía Terapéutica son priorizados do seguinte xeito:

1º.-Atenderase ao alumnado con necesidades educativas especiais, diagnosticados por Orientación, Saúde Mental e/ou organismos correspondentes, teñan ou non unha A.C.

2º.- Atenderase ao alumnado con A.C.

3º.- Continuaráse cos apoios iniciados, priorizando os cursos baixos, no eido de poñer en práctica medidas de detección temperá e preventivas.

4º.- Atenderáse primeiro ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que xa agotara as medidas ordinarias.

6º.- Buscarase en todo momento a prevención de dificultades e a inclusión na aula ordinaria.

A profesora de PT forma parte do Departamento e a planificación da súa actividade farase conxuntamente despois de analizar a información da Avaliación Inicial, da que nos dan os titores/as, profesores/as e pais.

A partir desa información analizaranse cál pode ser a mellor forma de traballar cos/as alumnos/as con dificultades de aprendizaxe.

A filosofía sobre o apoio e a compensatoria é a de que só sairá da clase aquel alumno/a que necesite un apoio específico nalgún aspecto concreto ou aquel que non sexa capaz de adaptarse minimamente á marcha xeral do grupo. (Orde do 6 de outubro de 1995). Ademais, dado que as instrumentais son as ferramentas de toda a acción instrutiva, serán estas as que van a levar o tempo de apoio, pero sen restarlllo ó tempo de clase desas mesmas instrumentais.

Dende o Departamento planificarase a acción, pero sería de inxenuos se pensásemos que un alumno/a que chega con grandes deficiencias as vai superar de forma rápida e efectiva. Dende o inicio da súa escolarización, houbo ó seu carón profesores que intentaron o mesmo e se non o conseguiron non imos a pensar que nós o imos conseguir de forma doada; será unha tarefa complicada, lenta e pode que, ó final, os resultados non sexan os mellores. Pensamos que o gran problema, entre outros, é a falta de interese e de motivación destes alumnos.

Procedemento a seguir para a valoración das aprendizaxes do alumnado

O primeiro en decatarse de que un alumno/a presenta dificultades na súa aprendizaxe é o profesorado na súa actividade na aula. De xeito ordinario, o profesor intentará facer unha delimitación do problema, tendo en conta circunstancias relativas tanto a aprendizaxe por parte do alumno/a como relativas o propio proceso de ensinanza. Neste punto o profesorado pode recorrer ao Departamento de Orientación, que prestará a súa colaboración e asesoramento tanto na detección do problema como na súa delimitación.

Véxase o modelo que se adxunta:

SOLICITUDE DE DEMANDA DE INTERVENCIÓN AO **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

NOME DO PROFESOR/A TITOR/A:.....
DATA:.....

DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos do/a alumno/a:.....
Data e lugar de nacemento:..... Idade:.....
Enderezo:..... Tfno:.....
Membros da unidade familiar:.....
Nome do pai:..... Profesión:.....
Nome da nai:..... Profesión:.....
Número de irmáns :..... Lugar que ocupa entre eles:.....
Outros familiares cos que convive:.....

DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

(Datos relevantes).....
.....
.....

DATOS PSICOSOCIAIS

Rasgos de personalidade e observación da conduta:.....
.....
.....
Relacións sociais (cos/as compañeiros/as, cos profesores/as).....
.....
.....

ESCOLARIDADE

No presente curso está escolarizado en:
Nivel:.....Curso:.....Grupo:..... Etapa:.....
Historia escolar previa:
.....anos en EI;.....anos de EP;.....anos da ESO
¿ Existe no seu expediente algún informe de avaliación Psicopedagóxica?.....

MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA

.....
.....
.....

En.....a.....de.....20

Asdo.

O/A titor/A

Unha vez feita a anterior análise, o profesorado, tendo en conta as orientacións do Departamento de Orientación, poderá modificar algúns aspectos do proceso E - A (metodoloxía, propostas de actividades, ordenación espacial do alumnado no grupo, ...) co fin de adecualo ás necesidades detectadas. Trátase de establecer as medidas de reforzo educativo que sexan necesarias (Orde do 6 de outubro de 1995).

Se as medidas adoptadas resultan satisfactorias, o proceso considérase rematado. No caso de que o problema persista procederemos a revisar tanto a definición do “problema” como as medidas adoptadas, realizando feedback.

Cando as medidas de reforzo educativo non sexan suficientes para satisfacer as necesidades dun alumno/a concreto/a, ou cando nos encontremos con dificultades importantes na delimitación do “problema”, a orientadora, a través da dirección do centro, poderán solicitar a intervención do EOE.

Temporalización

Durante o primeiro trimestre levaranse a cabo principalmente actividades de carácter preventivo, e ademais, poranse en marcha o proceso de avaliación de necesidades así como de elaboración de MADs para os/as alumnos/as que o precisen.

As medidas ordinarias desenvolveranse ao longo de todo o curso, mentres que as extraordinarias ubicaranse fundamentalmente en momentos puntuais nos que se rexistren.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

<i>Profesionais</i>	<i>Medida</i>	<i>Actuación</i>
Profesores titores	Plan de Acción Titorial	Posta en práctica, seguimento e valoración
	Programación de aula	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración.
	Xunta de avaliación do seu grupo.	Presidir e coordinar. Levantar acta.
	Plan de Acollida e Adaptación	Concreción e Implementación.
	ACS Refuerzo Educativo	Coordinación, elaboración e implementación
	Plan de Transición a Secundaria	Implementación e seguimento
	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitud e ó DO, información ás familias. Colaboración co DO.
Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa.	
Mestre de PT.	ACI/ ACS RE	Colaborar na elaboración e implementación.
	Apoios educativos.	Colaborar na organización. Atención directa
	Avaliación Psicopedagóxica.	Colaboración

Profesores de materia	AC/RE	Elaboración e implementación
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa
	Avaliación Psicopedagóxica	Colaboración
Xefatura do Departamento de Orientación	Avaliación Psicopedagóxica	Elaboración. Solicitud de colaboración do EOE ou doutras institucións/servizos.
	Plan de Transición a Secundaria	Coordinación co CEIP e seguemento
	Plan de Acción Titorial	Deseño Aseoramento
	Programacións curriculares	Asesoramento
	ACS/ RE	Asesoramento e colaboración na elaboración
	Apoios educativos	Elaboración da proposta de organización dos mesmos
	Plan de Orientación	Redacción. Concreción de actuacións da xefatura para o curso
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Redacción da concrecións anuais.
Equipo Directivo	Programacións curriculares	Inclusión na PXA
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación.
	Medidas extraordinarias de atención á diversidade	Auotrización ou solicitude de autorización onde corresonda.

Departamento de Orientación	Plan Xeral de atención á Diversidade	Elaboración e concreción anual, implementación
	Plan de Orientación	Elaboración e concreción anual, implementación
	Plan de Acción Titorial	Seguimento e valoración
Comisión de Coordinación Pedagóxica	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Elaborar directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
Xunta de Avaliación	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer ó alumnado que deberá seguir unha AC e asegurarse de que se cumpren os requisitos para tal decisión. Propoñer cambios na adscripción do alumnado no cambio de etapa educativa.
Claustro	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer o plan ao consello escolar
Consello Escolar	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Aprobación

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Cabe sinalar que é preciso o “esfuerzo compartido de toda a comunidade educativa” por iso é moi necesario poñer en práctica diferentes mecanismos de coordinación e colaboración cos diferentes membros da comunidade educativa.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS

A orientadora reúne cando é necesario con cada titor/a, nun horario consensuado a tal fin para coordinar as distintas medidas de reforzo/apoio e asesorar sobre o desenvolvemento do plan de acción tutorial.

Realízanse reunións de coordinación coa profesora de apoio e a orientadora para revisar as medidas adoptadas co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Nas reunións da CCP recolleráanse suxestións e avaliaráanse os resultados das medidas adoptadas coa finalidade de realizar seguemento do plan de atención á diversidade.

O equipo directivo nas súas reunións, contemplarán o desenvolvemento do plan de atención á diversidade, levando a concreción anual á PXA.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN CO CENTRO ADSCRITO

En canto aos mecanismos de coordinación co CEIP adscrito, temos como principal obxectivo a potenciación da coordinación docente entre os centros nos que vaia a continuar estudos os alumnos, e o establecemento de accións que favorezan o tránsito da etapa de educación primaria á secundaria.

Seguindo esta idea, o CEIP “Pérez Viondi”, en colaboración co IES “Manuel García Barros”, temos en mente mellora no **Plan de Aproximación a Secundaria**, a desenvolver no último trimestre do curso, e para o terceiro ciclo de primaria. Neste incluímos unha **”Xornada de Presentación”** do Instituto aos futuros alumnos e aos seus pais. Convócanse a unha reunión, onde lles presentan o centro, explícaselles a súa historia, os seus órganos de goberno, as ensinanzas que imparten, os recursos que posúen, e os servizos docentes e actividades que desenvolven.

Por outra banda, en coordinación coa orientadora do CEIP e o profesorado-titor de sexto, celebramos unha reunión anual no mes de xullo co fin de recabar información sobre o alumnado, e a súa estadía na etapa de

primaria: reforzos que necesitaron, intervencións específicas, solicitude de alumnos para programas de ámbitos educativos,.... Ademáis, como corresponde, envíasenos aqueles informes de avaliación psicopedagóxica correspondentes aos alumnos/as que rematan a etapa, e que así o necesitaron.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

As familias están informadas dende o primeiro momento que se contemple unha medida de atención á diversidade, sexa reforzo educativo ou Adaptacións curriculares. Como norma xeral o profesor/a titor/a mantén informadas ás familias. No caso das AC e os reforzos educativos con apoio das especialistas (PT) a información será coordinada tamén polo Departamento de Orientación.

Informarase ás familias de que a Avaliación Psicopedagóxica que se pode levar a cabo nalgún caso de interese, tan só constitúe un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno/a e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulten relevante para axustar as respostas educativas ás súas necesidades.

CANLES DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Solicitamos asesoramento, información ou intervención do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra, segundo o procedemento e modelo existente.

SERVIZOS DE SAÚDE

Colaboramos e solicitamos información dos servizos do CHUS (Saúde Mental, Rehabilitación,....) ou de calquera outro profesional que atenda ao alumnado

do Centro e que solicite a nosa colaboración (logopeda, foniatra...).

Tamén colaboramos estreitamente co Centro de Saúde do Municipio (sobretudo con Pediatría e a Traballadora Social).

SERVIZOS MUNICIPAIS

Mantemos coordinación con Servizos Sociais do Concello para intercambiar información e coordinar programas asistenciais e/ou de reeducación aos que asisten alumnado do centro. Tamén co equipo de menores cando as situacións así o requiren e en casos de alumnos/as con diferentes problemáticas sociofamiliares (absentismo escolar, problemas socioeconómicos...).

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, sinaladas no punto 4 deste plan, o/a profesor-titor/a informará á familia da necesidade das mesmas, podendo contar coa colaboración do Departamento de Orientación, e se iniciarán as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente:

- Adaptacións Curriculares individualizadas: orde do 6 de Outubro de 1995 (DOG do 7 novembro 1995).
- Programas de Mellorada da Aprendizaxe do Rendemento (Decreto 86/2015 do 25 de xuño; Resolución do 27 de xullo 2015).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitario (Xunta).

A **pauta a seguir** para este punto será:

- 1.- Solicitud da familia por escrito.
- 2.- Comunicación ó/á titor/a.

- 3.- Convocatoria reunión Familia e Departamento de Orientación para a aportación de informes médicos recentes (máximo tres meses).
- 4.- Aplicación das escalas de valoración posterior elaboración do informe do Departamento de Orientación.
- 5.- Reunión e toma de decisións con toda a información obtida.

• Medidas de flexibilización da duración do período de escolarización obrigatoria segundo o disposto na Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 xaneiro 2003) para alumnado con NEE; e na Orde do 28 de Outubro de 1996 (DOG 28 novembro 1996) para alumnado con altas capacidades.

A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida proposta, podendo do mesmo xeito facer constar aqueles feitos que estime relevantes.

- Adaptación curriculares de acceso, para aportar recursos, materiais ou de comunicación que faciliten o desenvolvemento do currículo ordinario
- O profesor/a titor/a que detecte dificultades de aprendizaxe, en calquera momento do curso académico, poderá solicitar a valoración do/a alumno/a á orientadora que levará a cabo as accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento e a avaliación de todos os elementos do plan constitúen un proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade.

Este Plan de Atención a Diversidade é un documento flexible, aberto as modificacións que xurdan. As memorias anuais do DO serviránnos de indicador para a súa posible modificación.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o departamento de orientación elaboraremos a

correspondente memoria do plan xeral de atención á diversidade, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do departamento de orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.